

**Resolución reitoral do 22 de xuño de 2017 pola que se fai pública unha convocatoria de mobilidade internacional de bolsas "Ourense exterior" para realizar os estudos de mestrado no Campus de Ourense durante o curso 2017-2018.**

O estudiantado da Universidade de Vigo (UVigo), de conformidade co establecido no artigo 100.d) dos estatutos aprobados mediante o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas. Neste senso e no marco da colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, segundo o reflectido no convenio asinado con data 13 de xuño de 2017,

**Esta reitoría**

Polas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta Universidade,


**RESOLVE**


1. Anunciar unha convocatoria, en réxime de concurrencia competitiva, de cinco bolsas "Ourense exterior" para o estudo de primeiro curso de mestrado oficial no Campus Ourense da Universidade de Vigo.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da UVigo e nas páxinas <http://vicou.uvigo.es> e <http://www.uvigo.es> no apartado "Axudas - Outras bolsas" xunto coa súa normativa correspondente.
3. As bolsas solicitaranse no modelo oficial (Anexo I) ata o día 12 de xullo de 2017.


A documentación requirida presentarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O alumnado que non teña acceso próximo ao seu domicilio un rexistro dos citados neste parágrafo, poderán enviar o impreso, unha vez asinado, xunto con toda a documentación necesaria, ao seguinte enderezo electrónico: [siope-ou@uvigo.es](mailto:siope-ou@uvigo.es).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ourense, 22 de xuño de 2017.  
Reitor  
Por delegación R.R. do 7 de maio de 2014 (DOG 13/05/2014)  
O vicerreitor do campus de Ourense.  
  
Xosé Rodríguez Vázquez



Diligencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro Auxiliar do campus de Ourense con data 22 de xuño de 2017.  
  
Asdo.: Ma. Teresa Díaz Álvarez  
A Xefa de Área de Servizos á Comunidade

## **BASES DA CONVOCATORIA**

### **I. OBXECTO**

O obxecto das bolsas "Ourense exterior" é facilitar a mobilidade de cidadáns/ás residentes no estranxeiro para cursar os estudos de primeiro de mestrado no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

### **II. PERSOAS DESTINATARIAS**

Estas bolsas están destinadas a cidadáns/ás residentes no estranxeiro que se matriculen no curso 2017/2018 en primeiro curso dos estudos conducentes a estudos oficiais de mestrado impartidos no Campus de Ourense da Universidade de Vigo, que ademais cumpran os seguintes requisitos:

- Ter mais de 18 anos.
- Estar en posesión dos requisitos académicos necesarios para acceder á titulación que se pretende cursar.
- Subscribir a cargo da persoa beneficiaria o seguro médico e de accidentes para as coberturas non incluídas no seguro escolar obrigatorio ou, de ser o caso, no seguro que a universidade poida ter concertado para o seu alumnado (o pagamento do seguro irá por conta do beneficiario/a).
- Formalizar a matrícula e pagar as taxas administrativas da matrícula.
- Cumprir todos os requisitos específicos establecidos pola Universidade de Vigo para os programas de mestrado.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **III. INCOMPATIBILIDADES**

Esta bolsa é incompatible con calquera bolsa ou axuda para cursar os estudos de mestrado oficial. O goce desta bolsa tamén é incompatible con calquera outro beneficio para a mesma finalidade que puidese recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas.

No caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de beneficiario/a da bolsa.

### **IV. DURACIÓN**

A duración da bolsa será o curso académico 2017/2018.

### **V. DOTACIÓN E PAGAMENTO**

O importe máximo dos fondos destinados a estas axudas é de 24.500 €.

No financiamento destas bolsas participan o Consello Social da Universidade de Vigo, cunha achega de 5.500 €; e a Universidade de Vigo, cunha achega de ata 19.000 €. Con este fin a Universidade de Vigo dispón dun crédito orzamentario retido de 14.000 € na partida 2017 OUR1 211 E 482.10, 5.000 € na partida 2018 OUR1 11 E 482.10 e de 5.500 € na partida 2017 00CS 421S 482.99.

A contía destas bolsas ten os seguintes compoñentes:

- Matrícula, destinado a eximir os prezos públicos por servizos académicos correspondentes ao curso 2017/2018 (os prezos por servizos administrativos e outros non están comprendidos neste compoñente).
- Axuda de gastos de viaxe ata unha contía de 600 € (tras a súa xustificación).
- Axuda de gastos de aloxamento ata unha contía de 2.500 € (tras a súa xustificación).

O compoñente de matrícula cubrirá o prezo dos créditos en que se atope matriculado no curso 2017/2018. O importe dos prezos públicos por servizos académicos será o establecido no Decreto de taxas da Xunta de Galicia, polo que se fixan os prezos públicos por servizos académicos en estudos universitarios conducentes á obtención de títulos de carácter oficial no ensino universitario para o curso 2017/2018.

O pagamento farase unha vez publicada a Resolución reitoral de concesión e logo da incorporación do alumnado ás actividades do mestrado e previa comprobación de que o/a alumno/a ten aboadas as tarifas administrativas da matrícula e non teñan a matrícula arquivada. O compoñente de matrícula exime do pago dos prezos académicos, e o de axuda de gastos de viaxe e aloxamento ingresaráse ao alumno/a, na súa conta bancaria.

Unha vez xustificadas os gastos, procederase ao pago dos mesmos en base ao seguinte calendario:

- Gastos de viaxe: antes do 30 de novembro de 2017.
- Gastos de aloxamento: o 60% antes do 31 de decembro de 2017 e o 40% restante antes do 30 de maio de 2018.

## VI. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As bolsas solicitaranse no modelo oficial (Anexo I) dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día 12 de xullo de 2017. Unha vez cuberto o documento presentarase xunto coa documentación necesaria en calquera dos rexistros da UVigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O alumnado que non teña acceso próximo ao seu domicilio un rexistro dos fixados no parágrafo anterior poderá enviar o impreso, unha vez asinado, xunto con toda a documentación necesaria, ao seguinte enderezo de correo electrónico: **siope-ou@uvigo.es**.

O estudiantado que queira concorrer á esta convocatoria presentará, obrigatoriamente, a seguinte documentación xunto coa solicitude:

1. Impreso de solicitude debidamente cuberto.
2. Fotocopia da certificación académica persoal dos estudos realizados que lle dan acceso aos estudos de mestrado.
3. Fotocopia do título universitario.
4. Declaración de non percibir bolsa ou axuda para estudos de máster oficial no curso 2017/18.
5. Declaración de compromiso de matrícula na Uvigo no curso 2017/2018.
6. Fotocopia do NIE, pasaporte, ou documento identificativo.
7. Acreditación da súa residencia familiar no estranxeiro.
8. Para as/os solicitantes que sexan descendentes de emigrantes ourensáns, galegos ou españois deberán acreditar o seu parentesco.
9. Declaración do compromiso de subscribir unha póliza de seguro médico e accidente.
10. Memoria sobre a motivación de estudar no Campus de Ourense.
11. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
12. Certificación de residencia fiscal, para os efectos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Segundo o artigo 13.2 f) ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal constitúe unha circunstancia que impide obter a condición de beneficiario dunha subvención.

As persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a presentación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como, a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e as prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario s/n, 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## VII. SELECCIÓN

A Área de Servizos á Comunidade de Ourense, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria, e publicará unha listaxe de persoas admitidas e excluídas. Nesta indicaranse os motivos de exclusión e abrírase un prazo de cinco días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación necesaria, a partir do día seguinte da publicación da listaxe na web <http://vicou.uvigo.es> e <http://www.uvigo.es> no apartado "Axudas - Outras bolsas" e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

Unha vez emendados os erros, a Área de Servizos á Comunidade de Ourense, achegará as solicitudes así coma a documentación á Vicerreitoría do Campus de Ourense.

O proceso de selección farase por unha comisión de valoración que estará formada por:

- Virxilio Rodríguez Vázquez, vicerreitor do Campus de Ourense, ou persoa en quen delegue.
- José Juan Cerdeira Lois, en representación da Deputación Provincial de Ourense, ou persoa en quen delegue.
- María Teresa Díaz Álvarez, xefa de área de servizos á comunidade no campus de Ourense, ou persoa en quen delegue, que actuará de secretaria.
- Elena Rivo López e Mar García Señorán, en representación do PDI (persoal docente e investigador).
- Jénifer Álvarez Zurbano, en representación do alumnado.

Esta comisión valorará as candidaturas tomando como base os seguintes criterios e baremos:

- Media do expediente académico que da acceso aos estudos de mestrado: ata 4 puntos
- Emigrantes ou descendentes de emigrantes ourensáns, galegos ou españois, ata o segundo grao inclusive: 2 punto
- Acreditación do coñecemento da lingua galega: ata 2 puntos. No caso de que non se acredite o coñecemento da lingua galega a/o solicitante deberá presentar por escrito o seu compromiso de asistir a un curso de formación en lingua galega de, como mínimo, 15 horas entre os ofertados ao longo do curso académico por parte da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. A matrícula neste cursos é gratuíta.
- Memoria sobre a motivación de estudar no Campus de Ourense e a aplicación futura dos coñecementos que adquirirá (máximo dúas páxinas): ata 2 puntos

Tras rematar o proceso de selección, publicarase nos taboleiros de anuncios do rexistro xeral e auxiliares da UVigo e nas páxinas <http://vicou.uvigo.es> e <http://www.uvigo.es> no apartado "Axudas - Outras bolsas" as listaxes provisionais de candidatos/as admitidos e excluídos coa causa de exclusión, de acordo coa puntuación obtida. Fixarase un prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte á publicación das devanditas listaxes para que os candidatos/as lle presenten as alegacións que consideren oportunas ao presidente da comisión.

Unha vez resoltas as posibles alegacións, publicarase a Resolución reitoral de adjudicación das bolsas concedidas, as denegadas coas causas de denegación e a listaxe de agarda ordenada de maior a menor puntuación nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da UVigo e nas páxinas web <http://vicou.uvigo.es> e <http://www.uvigo.es> no apartado "Axudas - Outras bolsas". Esta listaxe de agarda empregárase para cubrir posibles non incorporacións ás actividades dos mestrados.

## VIII. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas propostas presentaranse na Vicerreitoría do Campus de Ourense no prazo que se indique na resolución definitiva. Logo de transcorrer este prazo, se non se presenta entenderase que renuncia aos beneficios da bolsa, salvo unha causa xustificada de forza maior, e o seu posto será ocupado por outro/a solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa, deberá facerse por escrito e comunicarlle ao vicerreitor do campus de Ourense no prazo de tres días dende a resolución definitiva.

A renuncia sen causa xustificada penalizará e impedirlle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto no curso académico seguinte. Correspóndelle á comisión de valoración a avaliación das causas alegadas.

## IX. OBRIGAS

As persoas que se beneficien da bolsa teñen a obriga de:

- Formalizar a matrícula nos prazos establecidos e permanecer matriculadas na Universidade de Vigo nunha titulación oficial de mestrado durante todo o curso 2017/2018.
- Tramitar o visado e responsabilizarse dos seus gastos.
- Pagar os gastos de aloxamento e manutención durante a súa estadía.
- Aceptar por escrito a concesión da bolsa no prazo de tres días desde a súa notificación. Esta enviarase ao enderezo electrónico indicado na solicitude. Se non se acepta neste prazo entenderase que renuncia á bolsa, agás que exista unha causa de forza maior.
- Comunicarlle por escrito á Vicerreitoría do campus de Ourense a renuncia á bolsa no caso de producirse esta, así como calquera modificación substancial que afecte ás condicións desta.
- Subscribir por conta do beneficiario/a o seguro médico e de accidentes para as coberturas non incluídas no seguro escolar obrigatorio ou, de ser o caso, no seguro que a universidade poda ter concertado para o seu alumnado, correndo o pago do seguro á cargo do beneficiario/a.
- Xustificación dos gastos de desprazamento dende o seu lugar de residencia ao Campus de Ourense, diante da Vicerreitoría de Ourense, ao inicio da actividade de mestrado e antes do 30 de outubro de 2017, para poder percibir a bolsa.
- Xustificación dos gastos de aloxamento mediante contrato de aluguer, recibo de pagamento de aluguer, contrato de subministración ao seu nome, ou calquera outro medio mediante o cal resulte comprobado que a persoa beneficiaria fai uso dun aloxamento na cidade de Ourense durante o curso académico 2017/18.
- Tendo en consideración que se trata dunha bolsa de mobilidade, durante o tempo que dure ésta, o beneficiario/a deberá ter a súa residencia habitual radicada na provincia de Ourense.
- Asistencia a o curso de formación en lingua galega cunha duración mínima de 15 horas establecido na base VII, de ser o caso.
- As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sea de aplicación.

## X. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión desta bolsa e a permanencia na listaxe de agarda pode ser revogada polos seguintes motivos e, de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos beneficiarios/as das cantidades aboadas:

- Incumprir as obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou calquera manipulación da información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria (punto III).
- Non manter a condición de estar matriculado na UVigo durante todo o período de duración da bolsa.

## **XI. ADICIONAIS**

No suposto de que por calquera circunstancia os estudos de mestrado nos que o beneficiario estea matriculado, non se realizaran, este terá dereito igualmente ás axudas de desprazamento que poida xustificar (ata un máximo de 600 €) e de aloxamento. A axuda de aloxamento será proporcional ao tempo de estadía na cidade de Ourense. Este período non será superior a 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á notificación oficial. O prazo poderá ampliarse, por causas debidamente xustificadas, a criterio da comisión de valoración. En todo caso, a contía económica nunca superará os 2.500 €.

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo Vicerreitor do Campus de Ourense.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un beneficiario/a farase chegar á Vicerreitoría do Campus de Ourense.

**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL "OURENSE-EXTERIOR" PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE MESTRADO NO CAMPUS DE OURENSE DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2017-2018.**

**ANEXO I  
IMPRESO DE SOLICITUDE**

Apelidos		Nome	
NIE/Pasaporte		País	
Enderezo			
Enderezo electrónico		Teléfono móbil	
Mestrado de			

**Nota:** co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable escribir en letras maiúsculas o número de teléfono móbil e o enderezo electrónico.

**II – DOCUMENTACIÓN ENTREGADA**

1. Fotocopia da certificación académica dos estudos universitarios .....
2. Fotocopia do título universitario .....
3. Declaración de non percibir bolsa ou axuda para estudos de mestrado no curso 2017/18.....
4. Declaración de compromiso de subscribir unha póliza de seguro médico e de accidente .....
5. Declaración de compromiso de matrícula na UVigo no curso 2017/2018 .....
6. Fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento identificativo .....
7. Acreditación da residencia no exterior .....
8. Acreditación de parentesco .....
9. Acreditación do coñecemento da lingua galega.....
10. Memoria sobre a motivación de estudar no Campus de Ourense.....
- 11.- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social .....
- 12.- Certificación de residencia fiscal.....

DECLARO:

Que todos os datos que manifesto neste escrito son verdadeiros e comprométome a achegar os documentos que así o acrediten. Entendo que coñezo todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva aparellada a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

..... de ..... de 2017

(Sinatura)

**SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE**